

EDICTO

Información pública. Aprobación inicial do “Proxecto de adaptación do proxecto de normalización do mobiliario urbano do Barrio da Magdalena ao barrio de Ferrol Vello”

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do 29 de abril de 2019 acordou aprobar inicialmente o “Proxecto de adaptación do proxecto de normalización do mobiliario urbano do Barrio da Magdalena ao barrio de Ferrol Vello”.

O dito acordo sométese a información pública e audiencia ós interesados polo prazo de TRINTA DÍAS HÁBILES, para a presentación de reclamacións e suxestións, tendo en conta que de non presentarse reclamacións ou suxestións, entenderase definitivamente aprobado o acordo ata entón provisional.

O prazo de trinta días hábiles comezará a computarse a partir do día seguinte ó da publicación do extracto de aprobación inicial no BOP, a cuxo efecto poderá ser examinado o expediente por tódalas persoas que poidan resultar interesadas no Servizo de Urbanismo do Concello (Rúa María nº 52-54, 5º andar, en horas de atención ao público), e o texto do Proxecto será exposto no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello (www.ferrol.gal/mobiliariourbanofv).

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 29 de abril de 2019

A concelleira delegada de Urbanismo e Mobilidade
María Fernández Lemos